

O MOZO PICASSO

[Phil Grabsky, 2019]

519

O MOZO PICASSO

[Phil Grabsky, 2019]

519

PASES ÚNICOS EN NUMAX: 29 e 30 de abril | V.O.S.E.

Young Picasso (2019, 85')
Dirección: Phil Grabsky
Música: Stephen Baysted, Susan Legg
Produtora: Seventh Art Productions (Reino Unido)
Distribuidora: A Contracorriente Films
Formato de proxección: DCP2K, 2.00:1
Idioma orixinal: Inglés

SINOPSE
Tras tempo ignorado, é o momento de mirar os primeiros anos de Picasso; a crianza e a aprendizaxe que o levou aos seus logros extraordinarios. Tres cidades xogan un papel clave: Málaga, Barcelona e París. O mozo Picasso visita cada unha delas e explora a súa influencia en Picasso, centrándose en obras de arte específicas destes primeiros anos. O filme explica como este mozo artista adquiriu o seu oficio. Mirando detidamente dous periodos claves: os llamados períodos azul e rosa.

Young Picasso (2019, 85')
Dirección: Phil Grabsky
Música: Stephen Baysted, Susan Legg
Produtora: Seventh Art Productions (Reino Unido)
Distribuidora: A Contracorriente Films
Formato de proxección: DCP2K, 2.00:1
Idioma orixinal: Inglés

SINOPSE
Tras tempo ignorado, é o momento de mirar os primeiros anos de Picasso; a crianza e a aprendizaxe que o levou aos seus logros extraordinarios. Tres cidades xogan un papel clave: Málaga, Barcelona e París. O mozo Picasso visita cada unha delas e explora a súa influencia en Picasso, centrándose en obras de arte específicas destes primeiros anos. O filme explica como este mozo artista adquiriu o seu oficio. Mirando detidamente dous periodos claves: os llamados períodos azul e rosa.



TEMPADA
DE ARTE
—
AS GRANDES
FIGURAS
DA ARTE
NO CINEMA

4



TEMPADA
DE ARTE
—
AS GRANDES
FIGURAS
DA ARTE
NO CINEMA

4

“Picasso aprendeu todas as regras da arte para despois rompelas”

Entrevista con Phil Grabsky

Que achega o documental? Traballamos moi estreitamente cos museos Picasso de Málaga, Barcelona e París para profundar e poder reflectir como aquel mozo se elevou como artista e alcanzou logros extraordinarios. Falamos dun Picasso moi humano e, como tal, contraditorio. Xeralmente temos a perspectiva dos artistas baseada nos últimos anos, cando xa son coñecidos ou famosos. No caso de Picasso tamén e, de feito, as súas imaxes habituais son as dun home maior con pouco pelo. Unha persoa que supera xa os 60 anos. A min gústame empezar captando os primeiros anos, aqueles que nos descubren como era de neno, por que casou, como vivía e que facía entón. Como foi que aquel neno, aquel mozo que andaba polas rúas de Málaga ou da Coruña se converteu nun dos máis grandes artistas do século xx.

Iso contribúe a comprender mellor ao artista? Pódese admirar o traballo dun artista sen saber nada da súa vida. Podemos escoitar a música de Mozart sen coñecer nin un feito, nin un detalle da súa vida. Pero considero que canto máis se sabe sobre a historia dunha persoa e do seu país, dos momentos fundamentais cando medrou e de como se forxou como ser humano, entenderase mellor a súa arte. Iso sucede con todos e tamén con Picasso. Para min, o máis sorprendente sobre a súa figura é que aprendeu todas as regras da arte para despois rompelas, destruílas. Forxouse nas academias da Coruña, Barcelona e Madrid facendo debuxos, cadros e esculturas de modelos vivos, unhas obras moi tradicionais. En Madrid facendo copias de Velázquez, Murillo ou O Greco. En Barcelona falando con artistas como Casas, Rusiñol, Nonell, aprendendo deles. En París pintando como Van Gogh ou Toulouse Lautrec, até o momento en que chega a época azul e, sobre todo, cando concibe e plasma *As señoritas de Avignon*. Aprendín, ao observar todos eses feitos, que Picasso era un ser humano moi complexo, o que se manifesta, por exemplo, nas súas relacións coas mulleres ou cos outros artistas. Como seres humanos somos

complexos. Non todo é branco ou negro. Picasso tiña unha personalidade complexa con moitos matices. Esas contradicións probablemente son un dos seus trazos distintivos fundamentais como ser humano.

Cal é o proceso de selección dos artistas aos que dedica os documentais? Cada filme supón un traballo moi duro, así foi con *Cézanne: Retratos dunha vida* e con *David Hockney na Royal Academy of Arts*, por citar dous. As persoas que traballamos nestes proxectos temos en conta as nosas propias paixóns. Se vou empregar tres ou catro anos da miña vida na dun artista é importante que sexa alguén ao que admire e me apaixone. Ademais temos que lograr os fondos que nos permitan realizar o proxecto, polo que non podemos deixar de lado a visión comercial para recuperar, polo menos en parte, o investimento. Cada semana buscamos posibilidades e, considerando os factores que comentei, decidimos. Seguindo este proceso centrámonos en figuras como Lucien Freud, El Bosco, Monet, Picasso...

É vostede un declarado amante de España como berce da arte, cales son os creadores españois que máis lle interesan? A historia da arte en España é extraordinaria. Gustaríame poder citar a un ou dous creadores abraiantes, pero hai tantos que se me fai case imposible. Dar unha volta polo Prado, por citar un museo, é achegarse á xenialidade de Murillo, O Greco, Goya ou Velázquez. Outro pintor que me encanta é Sorolla e, como é evidente, Picasso. Pero hai que considerar outros campos, como a arquitectura ou o cinema, nos que hai autores impresionantes. É un luxo que tentamos divulgar a través do noso traballo.

Publicado en <https://www.hoyesarte.com>
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Buffon Picasso - exemplair de Dora Maar, Picasso | Buffon (Georges Louis Leclerc)
Seuil, 2015

TEMPADA DE ARTE
AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

14 e 15 de xaneiro
Os nenúfares de Monet
(Giovanni Troilo, 80’)

25 e 26 de febreiro
Van Gogh. Dos campos de trigo baixo ceos nubrados (Giovanni Piscaglia, 70’)

25 e 26 de marzo
Degas, paixón pola perfección
(David Bickerstaff, 85’)

29 e 30 de abril
O mozo Picasso (Phil Grabsky, 85’)

6 e 7 de maio
Leonardo, quinto centenario
(Francesco Invernizzi, 90’)

3 e 4 de xuño
Klimt & Schiele. Eros e psique
(Michele Mally, 90’)

1 e 2 de xullo
Rembrandt (Kat Mansoor, 97’)

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

“Picasso aprendeu todas as regras da arte para despois rompelas”

Entrevista con Phil Grabsky

Que achega o documental? Traballamos moi estreitamente cos museos Picasso de Málaga, Barcelona e París para profundar e poder reflectir como aquel mozo se elevou como artista e alcanzou logros extraordinarios. Falamos dun Picasso moi humano e, como tal, contraditorio. Xeralmente temos a perspectiva dos artistas baseada nos últimos anos, cando xa son coñecidos ou famosos. No caso de Picasso tamén e, de feito, as súas imaxes habituais son as dun home maior con pouco pelo. Unha persoa que supera xa os 60 anos. A min gústame empezar captando os primeiros anos, aqueles que nos descubren como era de neno, por que casou, como vivía e que facía entón. Como foi que aquel neno, aquel mozo que andaba polas rúas de Málaga ou da Coruña se converteu nun dos máis grandes artistas do século xx.

Iso contribúe a comprender mellor ao artista? Pódese admirar o traballo dun artista sen saber nada da súa vida. Podemos escoitar a música de Mozart sen coñecer nin un feito, nin un detalle da súa vida. Pero considero que canto máis se sabe sobre a historia dunha persoa e do seu país, dos momentos fundamentais cando medrou e de como se forxou como ser humano, entenderase mellor a súa arte. Iso sucede con todos e tamén con Picasso. Para min, o máis sorprendente sobre a súa figura é que aprendeu todas as regras da arte para despois rompelas, destruílas. Forxouse nas academias da Coruña, Barcelona e Madrid facendo debuxos, cadros e esculturas de modelos vivos, unhas obras moi tradicionais. En Madrid facendo copias de Velázquez, Murillo ou O Greco. En Barcelona falando con artistas como Casas, Rusiñol, Nonell, aprendendo deles. En París pintando como Van Gogh ou Toulouse Lautrec, até o momento en que chega a época azul e, sobre todo, cando concibe e plasma *As señoritas de Avignon*. Aprendín, ao observar todos eses feitos, que Picasso era un ser humano moi complexo, o que se manifesta, por exemplo, nas súas relacións coas mulleres ou cos outros artistas. Como seres humanos somos

complexos. Non todo é branco ou negro. Picasso tiña unha personalidade complexa con moitos matices. Esas contradicións probablemente son un dos seus trazos distintivos fundamentais como ser humano.

Cal é o proceso de selección dos artistas aos que dedica os documentais? Cada filme supón un traballo moi duro, así foi con *Cézanne: Retratos dunha vida* e con *David Hockney na Royal Academy of Arts*, por citar dous. As persoas que traballamos nestes proxectos temos en conta as nosas propias paixóns. Se vou empregar tres ou catro anos da miña vida na dun artista é importante que sexa alguén ao que admire e me apaixone. Ademais temos que lograr os fondos que nos permitan realizar o proxecto, polo que non podemos deixar de lado a visión comercial para recuperar, polo menos en parte, o investimento. Cada semana buscamos posibilidades e, considerando os factores que comentei, decidimos. Seguindo este proceso centrámonos en figuras como Lucien Freud, El Bosco, Monet, Picasso...

É vostede un declarado amante de España como berce da arte, cales son os creadores españois que máis lle interesan? A historia da arte en España é extraordinaria. Gustaríame poder citar a un ou dous creadores abraiantes, pero hai tantos que se me fai case imposible. Dar unha volta polo Prado, por citar un museo, é achegarse á xenialidade de Murillo, O Greco, Goya ou Velázquez. Outro pintor que me encanta é Sorolla e, como é evidente, Picasso. Pero hai que considerar outros campos, como a arquitectura ou o cinema, nos que hai autores impresionantes. É un luxo que tentamos divulgar a través do noso traballo.

Publicado en <https://www.hoyesarte.com>
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

Buffon Picasso - exemplair de Dora Maar, Picasso | Buffon (Georges Louis Leclerc)
Seuil, 2015

TEMPADA DE ARTE
AS GRANDES FIGURAS DA ARTE NO CINEMA

14 e 15 de xaneiro
Os nenúfares de Monet
(Giovanni Troilo, 80’)

25 e 26 de febreiro
Van Gogh. Dos campos de trigo baixo ceos nubrados (Giovanni Piscaglia, 70’)

25 e 26 de marzo
Degas, paixón pola perfección
(David Bickerstaff, 85’)

29 e 30 de abril
O mozo Picasso (Phil Grabsky, 85’)

6 e 7 de maio
Leonardo, quinto centenario
(Francesco Invernizzi, 90’)

3 e 4 de xuño
Klimt & Schiele. Eros e psique
(Michele Mally, 90’)

1 e 2 de xullo
Rembrandt (Kat Mansoor, 97’)

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?



NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org